

O PSOE de Antas pídelle ó Alcalde por escrito copia dos expedientes das 4 prazas aprobadas e ínstano a que “aclare as súas palabras”

Os concelleiros deste Partido adoptaron esta decisión logo de que o propio Rexedor afirmase que a Lei obriga a facer funcionaria á súa muller, deixando así claro que un dos postos de traballo é precisamente para a súa dona, tal e como denunciaron no día de onte os socialistas

Coa información solicitada, cumpren o anunciado onte, cando explicaron que estudarán cada praza de xeito individualizado para conseguir “a máxima transparencia sobre este grave asunto. Sabemos que no Concello hai máis persoal laboral, por tanto, por que o Alcalde só aproba a funcionarización destas tres prazas, dicindo que se ten que ausentar do Pleno porque unha delas lle afecta directamente. E, no suposto caso de que a praza non sexa para el, debe e ten que aclarar quen é o beneficiario”

En total, estes tres membros, xunto coa praza de axente local que tamén se inclúe neste proceso, pasarán a ser persoal funcionario, por tanto, pagado con fondos públicos, de aí que os socialistas esixisen explicacións “á cúpula” do PP e o seu presidente en Lugo –José Manuel Barreiro- e lle pedisen que tomase medidas ó respecto porque, ademais de incorrer nun suposto grave delito, o único que se conseguirá é entubiar o traballo diario do Concello

ANTAS DE ULLA, 30 DE XANEIRO.- Os socialistas de Antas de Ulla, amparados no artigo 14 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Exercicio do Dereito Fundamental, recollido no artigo 13 da Constitución, no que se recoñece o dereito fundamental dos cidadáns a participar nos asuntos públicos directamente ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal, presentaron este xoves no rexistro do Concello un escrito dirixido ó Alcalde deste municipio – Javier Varela-, solicitándolle distinta información co obxectivo de esclarecer o proceso de funcionarización aprobado no Pleno polo Partido Popular. Deste xeito, a documentación requirida é a seguinte: copia do cadro de persoal correspondente ó ano 2013, onde se describan como mínimo o tipo de persoal e o posto de traballo e, de ser posible, os nomes e apelidos dos traballadores; un cadro explicativo de cales son os postos de orixe e o tipo de persoal co que corresponden das catro prazas aprobadas; e, finalmente, copia da documentación relativa ós expedientes referidos.

Os concelleiros do PSOE adoptaron esta decisión logo de que o propio Rexedor afirmase que a Lei obriga a facer funcionaria á súa muller, deixando así claro que un dos postos de traballo é precisamente para a súa dona, tal e como denunciaron no día de onte. Neste senso, subliñan que “o Sr. Varela ten que aclarar as súas palabras. Por tanto, os socialistas nin mentimos nin queremos facelo, todo ó contrario. O que pretendemos é esclarecer este feito que, sinceramente, cheira moi mal. Nós seguimos mantendo que non estamos en contra da funcionarización, pero si que nos opoñemos rotundamente a que se faga deste xeito porque estamos a falar dun caso claro de enchufismo”, indicou.

Coa documentación solicitada, cumpren o anunciado na rolda de prensa de onte, na que explicaron que estudarán cada praza de xeito individualizada para conseguir “a máxima transparencia sobre este grave asunto. Sabemos que no Concello hai máis persoal laboral, por tanto, por que o Alcalde só aproba a funcionarización destas tres prazas, dicindo que se ten que

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

ausentar do Pleno porque unha delas lle afecta directamente?. Cremos que é de xustiza que os veciños e o resto de traballadores saiban que é o que pretende facer o Partido Popular. E, no suposto caso de que a praza non sexa para el, debe e ten que aclarar quen é o beneficiario. Pola nosa parte, tomaremos as medidas que sexan oportunas”, defendeu Pilar García Porto.

Antecedentes

No día de onte, os socialistas denunciaron “o pucheirazo” cometido polo Rexedor ó incluír como asunto urxente da orde do día a funcionarización de catro prazas de persoal laboral, das que tres delas, indicaron, benefician ó propio Varela, á dona deste e á cónxuxe dun edil do Partido Popular. Neste senso, cómpre lembrar que, tanto o Alcalde como a súa esposa, son empregados da entidade local grazas ás xestións do pai deste que, naquel momento, tamén estaba ó fronte da Alcaldía.

En total, estes tres membros, xunto coa praza de axente local que tamén se inclúe neste proceso, pasarán a ser persoal funcionario, por tanto, pagado con fondos públicos. Isto terá un custe para os 2.200 veciños deste municipio, un total de 92.323 euros ó ano, é dicir, 7.693 euros ó mes, tal e como precisou a voceira do PSOE este mércores.

Ante a gravidade da situación, os socialistas, que non descartan impugnar as tres prazas, esixiron que “a cúpula” do PP e o seu presidente en Lugo –José Manuel Barreiro- dén explicacións que xustifiquen a actuación do Alcalde. Asimesmo, pedíronlle que tome medidas ó respecto porque, ademais de incorrer nun suposto grave delito, o único que se conseguirá é entubiar o traballo diario do Concello.